



NORMAS PARA COMUNICACIÓN DE CAMBIO DE TITULARIDE DUNHA ACTIVIDADE

DESCRIPCIÓN

No caso de traspaso dun establecemento é preciso comunicar ao Concello o cambio de titular da actividade, que da lugar á transferencia de responsabilidades do anterior ao novo. O establecemento pode estar situado en calquera punto do termo municipal e dedicado a calquera tipo de actividade que fora previamente autorizada, declarada ou comunicada.

Se a actividade non conta con licenza, ou non foi previamente declarada ou comunicada ao Concello, así como cando co traspaso do negocio se modifica a actividade ou se levan a cabo obras no establecemento, deberanse presentar as comunicacións ou solicitudes de licenza que sexan preceptivas.

DOCUMENTACIÓN

1. Fotocopia do título ou documento que lexitime a ocupación do local ou establecemento (escritura de propiedade, contrato de aluguer, etc.)
2. Fotocopia da póliza de seguro de responsabilidade civil (só cando sexa obrigatorio, como é o caso das actividades incluídas no Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas)

Debe vostede identificar a actividade do establecemento polo epígrafe do IAE e coa denominación que ten na normativa deste imposto e, se é o caso, no anexo da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia e no Catálogo de espectáculos e actividades recreativas.

Lebre imprimir a dobre cara, o impreso de comunicación .

Para máis información, pode vostede contactar con este Concello:

Estrada de Celanova, 3
32830 A MERCA (Ourense)
Telf. 988 260 000
Email: concello@amerca.es // concello@amerca.org